

PREGUNTAS

1. ¿Como pode explicar a absoluta e radical contratación irregular a unha empresa que nos factura mensualmente mais de 3.000,00 euros por “poñer a disposición do Concello de Caldas de Reis un operario para o servizo de recollida de Lixo (algo que está terminalmente prohibido por lei)? ¿Como é posible que no noso Concello este pagando a una empresa mais de 3.500,00 euros o mes polo aluguer dun camión de lixo por contratación a dedo? ¿Como pode explicar que non teñamos ningún camión de recollida en propiedade? ¿Considera Vostede que con eses importes mensuais non poderíamos estar pagando un vehículo do Concello?.

2. ¿Que explicación nos pode dar polo pago, por parte do Concello, dunha multa de 3.600,00 euros, con recoñecemento de culpa por “carballo xoven cortado e carpa atada a dous carballos xóvenes na Carballeira de Caldas de Reis con motivo das festas patronais 2022”? ¿Considera que esta é a súa maneira de velar polo coidado do noso Parque Xardín e Carballeira? ¿Pensa Vostede derivar esta sanción a persoa ou empresa responsable?

3. ¿Dispón o Concello de Caldas de Reis de autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio e da Dirección Xeral de Industria para facer as actuacións que fixeron operarios municipais nas bocas dos leóns da fonte da burga da auga quente? ¿Vostede considera apropiado colocar uns tubos de pvc para reducir o capacidade de desaugue das bocas dos leóns e con elo ter un nivel mais alto dentro da arqueta co único obxectivo de levar auga para as cha-pozas termais?.

4. ¿Fixo Vostede algunha xestión ante o Ministerio de Transportes , Movilidad y Agenda Urbana para que se asfalte a maioría da N550 e N640 no casco urbano? E absolutamente lamentable como está a N640 nas rúas Juan Fuentes e Padres Somascos, e a N550 en Pedro Mateo Sagasta e Herrería? ¿A tan demandada actuación de rehabilitación da ponte da Herrería esta reclamada? A situación de Juan Fuentes e absolutamente lamentable, especialmente na contorna do cruce ca rúa Porto do Rio. Varios veciños me dixeron que esta sema estiveron operarios municipais parcheando na N640 ¿E certo?